

A NOSA WEB

É a biblioteca sen paredes". Encontrarás toda a información sobre a Biblioteca: horarios, servizos, etc. e poderás acceder ao catálogo Perseo e aos recursos electrónicos 24/7.

uvigo.gal/universidade/biblioteca

O CATÁLOGO PERSEO

Para buscar o material que necesites: manuais, libros, material audiovisual, etc.

GUÍAS E TITORIAIS

Selección de recursos por materias que te orientarán á hora de buscar a información que precisas amais de guías e titoriais para a autoformación.

PARA MÁIS INFORMACIÓN

Explora a nosa guía **"Información para o alumnado de novo ingreso"** e/ou **pregunta ao persoal bibliotecario**.

BIBLIOTECAS

Central Vigo

986 813 825 | prescen@uvigo.es

Central Ourense

988 387 192 | presour@uvigo.es

Central Pontevedra

986 802 002 | presbcp@uvigo.es

Económicas (Vigo)

986 812 408 | preseco@uvigo.es

Ciencias Experimentais (Vigo)

986 812 659 | prescie@uvigo.es

Industriais e Minas (Vigo)

986 812 208 | presind@uvigo.es

Ciencias Xurídicas e do Traballo (Vigo)

986 812 682 | presxur@uvigo.es

Filoloxía e Tradución (Vigo)

986 812 296 | presfft@uvigo.es

Telecomunicación (Vigo)

986 812 105 | prestel@uvigo.es

Torrecedeira (Vigo)

986 813 739 | prestor@uvigo.es

Belas Artes (Pontevedra)

986 801 836 | presbel@uvigo.es



Universidade de Vigo

Biblioteca
Universitaria

BENVIDX!!!

A Biblioteca da UVigo quereche dar a benvida e acompañarte nesta nova etapa que hoxe comezas.

Tes á túa disposición **11 bibliotecas distribuídas polos tres campus**, abertas de **luns a venres de 8:30 a 20:45** horas e con **horarios especiais** previos ás **datas de exames**.



Como estudante da UVigo terás **acceso a todos os espazos e servizos** e a unha **ampla colección de recursos de información** tanto **físicos** coma **dixitais**.

Tamén contarás coa **axuda do persoal bibliotecario** que estará a túa disposición para botarche un cabo en todo o que precisas.

PODERÁS

SOLICITAR INFORMACIÓN sobre temas do teu interese.

LEVAR EN PRÉSTAMO ata **5 obras** (libros, DVD, CD) durante **14 días** e **RENOVALAS** ata **2 veces** por Internet ou no mostrador de préstamo.

RESERVAR aqueles libros etc. que estean prestados.

PEDIR que che traíamos **libros, etc. doutros campus**.

CONSULTAR o **catálogo** e **xestionar os teus préstamos** dende a casa **en "A miña conta"**.

ACCEDER á **Bibliografía recomendada** para as túas materias.

ASISTIR A CURSOS para mellorar as túas competencias no acceso e uso da información.

E moito máis!!!

INSTALACIÓNS

Terás máis de **3.000 postos de lectura** e de **200 postos de traballo en grupo** repartidos por 11 bibliotecas para estudar e traballar nun lugar tranquilo e inspirador.

Todas as bibliotecas dispoñen de **wifi** á que podes acceder coa túa conta de correo da UVigo.

COLECCIÓNS

Terás acceso a unha **amplísima colección de recursos impresos e en liña** (manuais, revistas, material audiovisual, etc.) para preparar as túas materias e os traballos de clase.

Consulta o catálogo Perseo e o Localizador de recursos electrónicos.

TARXETA UNIVERSITARIA

Con ela **accederás a todos os servizos**. É **válida para TODAS as bibliotecas da Universidade**.

Descárgaa no teu teléfono móbil dende a app da UVigo.